

AULAS DE PRÁCTICAS E DE ADESTRAMENTO I e II

Normativa de utilización e solicitude para alumnos e demais usuarios

- Espazos destinados para prácticas dos alumnos previa solicitude.
- Espazos destinados para adestramento dos alumnos e outros usuarios tamén previa solicitude.
- O número máximo de practicantes por aula/hora será de 15 persoas.
- No caso de usuarios de entidades deportivas estará presente unha persoa responsable, identificada na solicitude.
- O tempo máximo de uso por solicitante será de 60 minutos.
- Os horarios das distintas aulas prácticas abarcará dende as 10,00 horas ás 21,30 horas.
- O alumnado do centro terá preferencia na solicitude e utilización destas instalacións ata as 18,00 horas. A partir desa hora, compartiraas cos demais usuarios (clubes, deportistas, etc.).
- Para solicitar a aula práctica, os interesados deben inscribirse na conserxería do pavillón II, previa presentación da tarxeta de estudante, se é alumno/a.
- Será o conserxe ou auxiliar de servizos o encargado de abrir, pechar a aula, así como de controlar o tempo de estadía dos usuarios.
- Será o usuario o responsable da limpeza, da ausencia de ruído e de utilizar unha toalla persoal para a limpeza dos asentos e soportes das máquinas.

(Aprobada en Xunta de Facultade celebrada o 21 de abril de 2006)